



CONCELLO DE VIANA DO BOLO

Entroido de VIANA DO BOLO



O ENTROIDO EN VIANA DO BOLO




O Entroido en Viana do Bolo é o evento máis antigo e con máis tradición que existe na historia do concello, comeza nada máis rematar o Día de Reis, cos ensaios e saídas dos Fulións polas rúas dos pobos, preparación de disfraces e carrozas, retoque de pantallas e traxes dos boteiros, A xente, remata a xornada laboral e quedan no Toural para saír tocando esa melodía estruendosa característica de cada pobo, a cal os fai inconfundibles. Realizan unha pequena parada ao chegar a un bar ou adega, onde degustarán o viño dos veciños e algúns pinchos ou doces realizados polas mulleres.

Os fins de semana, os pobos organízanse para deleitar co seu son uns a outros e festexar xuntos o día, ao cambio estoutros agradecen súa visita recibíndoos cos brazos abertos e invitándoos a pinchos, chourizos, xamón, queixo, doces, acompañados de bó viño e licores elaborados na zona.

Estes percorridos polas rúas dos pobos siguen a facerse tódalas noites, unha vez rematado o tempo de traballo.

É así ata que chega o primeiro día de fariña, onde os festexos comezan a cobrar máis forza entre a mocidade, **"O Xoves de Comadres"**, Día moi importante no transcurso da historia do Entroido, o "día dos homes". Éste celébrase 2 xoves antes ao Domingo Gordo. As mozas persegúen aos rapaces a noite anterior para sustraerllas unha prenda de vestir e colocarlla ao Lardeiro. Este é un boneco feito con estrutura de ferro dando forma ao corpo do lardeiro recheo de palla e petardos, rematado con unha careta e a roupa dos rapaces, ademais doutros complementos. Pendurará dun poste situado na praza maior da vila e nos balcóns das casas dalgúns veciños.



Este día, é típico correr a fariña, os rapaces persegúen ás rapazas para enfariñállas e a xente que non quere participar, pode disfrazarse. Á noite, tódolos homes do pobo xúntanse para tocar o fulión e disfrutar da cena de compadres, onde se degustan os menús típicos: lacón con grelos e cachelos, chourizos e a raíña destes días: Androlla; cocido galego ou cabrito,... Logo sáese de parranda ata altas horas da mañá.

O venres, vóltase saír co fulión e de parranda ata que o corpo aguante, nestes días non existe o cansanzo.



O primeiro sábado de fariña, ¡E segue a festa! ¡A tocar! As rúas, os bares, os pubs,... remata todo Branco, non se libra ningúén, ese día ata aumenta a mocidade no pobo, porque voltan a casa os estudiantes e visitánnos mozos/as doutros concellos, ata xente de fóra de Galicia á que lle chama o Entroido de Viana, pola súa Tradición, Cultura, Espectáculo, Gastronomía, Artesanía, participación cidadá na juerga,... . As rúas estan cheas de xente moi animada a ser un máis do pobo e integrarse completamente no evento.

"O Xoves de Comadres".



É o "día das mulleres", Os mozos perseguen ás rapazas a noite anterior para sustraerllas unha prenda de vestir e porlla á Lardeira, repetíndose o mesmo proceso que para o Lardeiro, colocada a seu carón.

Á mañá cedo, as mulleres cociñan pratos e postres típicos da zona para deleitar ás súas familias e convidados. E non pode faltar en tódalas casas as típicas torrexas, tomadas como postre ou merenda. Este postre consiste en aproveitar o pan do día anterior, para que estea duro, e métese en leite con azúcre para que se empace, pasando a rebozalo con ovo e fríese en aceite moi quente. En cada fogar saben de maneira distinta.

Neste día, as mulleres perseguen aos homes para enfariñalos.


Á partir das catro da tarde aproximadamente, saen os nenos do coleixio a facer o seu desfile, disfrazados con atuendos elaborados por eles mesmos.



É un fascinante espectáculo de colorido, variedade e orixinalidade, que deixa abraiados a todos aqueles que se achegan ao percorrido que vai dende o Colexio Bibeí ata a Praza Maior, tocando o fulión.



Á noite, tódalas mulleres do pobo xúntanse para tocar o fulión e logo asisten a unha cea organizada por elas, para disfrutar de menús típicos da zona e ao rematar bailan cunha charanga do pobo, ata altas horas da mañá.



As mulleres forman grupos e disfrazase todas iguais, configurando elas mesmas os motivos e os disfraces, hai moita imaxinación e a xente ponlle ganas para chegar a ser os máis orixinais e vistosos, ademais de pasalo moi ben.

O venres á tarde no Centro Social de Viana, faise unha festa para pequenos e mayores onde acuden todos disfrazados e disfrutan dunha agradable xornada de baile e xogos.



Á noite segue a fulionada, pero agora todos xuntos, polas rúas e bares da vila.




O sábado de Entroido
(segundo sábado de fariña e víspera do Domingo Gordo), tamén se sae co fulión á noite e aumentan os disfraces nas rúas da vila.

Neste día, a poboación chega a triplicarse, para poder participar na troula. Os visitantes, marcharán encantados coa maxia do Entroido Vianés, e transmitiranlle as sensacións vividas a familiares e amigos que se animarán a visitarnos ao ano seguinte.

Chega o día grandedo Entroido!!! **O Domingo Gordo**, Comézase dende moi cedo para que todo saia á perfección, a programación é a seguinte:

Ás 9:00 da mañá pasarrúas da **Banda de Gaitas do Concello**



Recepción das autoridades, convidados e pregoeiro, e entrega das insignias de ouro da androlla a persoeiros destacados no ano.

Pregón e apertura de actos.
Desfile con saída dende o
Toural, percorrendo as
principias rúas da vila:



OS BOTEIROS




OS FULIÓNS



A MULA



AS CARROZAS



Degustación de pincho de androlla na Praza Maior, que ofrece o Concello para deleite de tódolos visitantes (*embutido típico da zona, elaborado na matanza, con costela do porco picada en anacos e adobada con sal, alio, pimento dulce e picante e orégano ao gusto e unha pouca auga metido en tripa gorda e posto a curar ao lume*) e chourizo.



Xantar: FESTA DA ANDROLLA



pavillón polideportivo. Alí, mántase un comedor no que collen unhas 1.500 persoas e no seu arredor, unha carpa que recollerá outras tantas.

O xantar consiste:

nun primeiro prato de Caldo con picatostes, un segundo prato composto polos famosos Cachelos con grelos, lacón, chourizo e a raíña da festa:

ANDROLLA.

un terceiro consistente en Cordeiro asado, criado na zona,e para rematar o menú, bica de Viana e Vianos (bombóns recheos de mel, elaborados na vila,



acompañase con Viño do país. E para o fin de festa, café e queimada.

Tarde: polas seis e media da tardíña, saen os fuliós polas rúas a dar outro pase e rematar nun baile amenizado por orquestas á noite-madrugada.



O Luns de Entroido



O día dos nenos, remata cunha gran chocolatada.

Esa noite xúntase unha grande fulionada.



Este día é o dos meniños/as. Organízanse actividades, xogos e piñatas para os pequenos que, disfrazados gozan de seu día. Tamén participan nun desfile con regalo final para elexir o disfraz máis orixinal, o mellor elaborado, o máis vistoso e chamativo,....

O Martes de Entroido

O festexo comeza cedo, porque en Viana é festivo local.

Neste día, o fulión percorrerá as rúas da vila por última vez ata o Entroido seguinte.





Comezando e rematando no Tournal, dende onde voltarán saír á tardiña, desta vez irán acompañados por grandes remolques cargados de kilos e kilos de fariña.



Percorrense as bodegas e bares unha vez máis ata que comeza a orquesta. Chegados a este punto, todo se mestura, o baile, os disfraces, o fulión e a fariña.



Despois da cea, a orquesta ameniza a noite mentres os disfrazados se van anotando para o concurso que terá lugar ás doce da noite, trala queima dos lardeiros.



O Mércores de Cinsa

A festa carnavalesca fina co tradicional "Enterro da Sardiña", celebrado neste día.

Parece ser que se trata dunha tradición que surxe como crítica á Igrexa pola imposta restricción da carne na Coresma.

Este rito consiste nunha procesión satírica encabezada por unha enorme sardiña, elaborada cunha armazón de ferro, rechea de petardos e cuberta con papel de prata simulando súa forma.

A sardiña é portada a hombros nun andas seguido polo cortexo fúnebre formado por un cura, as viúvas e as/os choronas/es, vestidos cos atuendos e carapuches típicos e portando velas.

Rematada a xornada de traballo, sáese dende a Praza do Cabo da Vila e remátase na mesma praza, onde se procede á súa queima dándolle o último adiós por parte da persoa que fai as veces de cura.

Algunhas das verbas típicas:



*Chorai nenas da vila
chorai, chorai, chorai
que o Entroido xa se foi
e témolo que enterrar.*

*Aí vai, aí vai
Aí vai o Entroido
tan bonito como era
e que pronto se nos vai .*

A continuación, degústanse sardiñas asadas, bó viño e de postre, as torrexas, feitas polas mulleres veciñas dese barrio da vila.

É así como remata a festa máis importante, de tradición ancestral e de intensa vivenza entre os veciños que tornan tristes e decaídos, desexando que transcorran rápido os días para poder celebrar de novo O Entroido.

